

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

13874 *Real decreto 1150/2015, do 18 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.*

O Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, contén o cadro de enfermidades profesionais actualmente vixente no sistema da Seguridade Social. Desde esa data producíronse importantes avances nas investigacións e no progreso no ámbito científico e no da medicina, que permitiron un mellor coñecemento dos mecanismos de aparición dalgunhas enfermidades profesionais e da súa vinculación co traballo.

O Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, contén a listaxe de enfermidades profesionais no anexo 1 e, como anexo 2, inclúese a lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no anexo 1, como enfermidade profesional, podería considerarse no futuro.

No anexo 2, co código C601, encóntrase o cancro de larinxe producido pola inhalación de po de amianto. Así mesmo, sólidas evidencias científicas puxeron de manifesto que existe unha evidente relación entre o cancro de larinxe e o amianto.

Pola súa parte, os artigos 1 e 2 do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, determinan, respectivamente, a aprobación do cadro de enfermidades profesionais e a actualización do cadro de enfermidades profesionais, e prevén que tal actualización a realizará o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como a incorporación ao anexo 1 das enfermidades incluídas no anexo 2 respecto das cales quede constatado o seu carácter de enfermidade profesional.

Para tales efectos, inclúese no anexo 1, cadro de enfermidades profesionais (codificación), grupo 6, dentro das enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxenos e, en concreto, polo amianto, un novo subaxente, o cancro de larinxe, e enuméranse, así mesmo, as principais actividades asociadas a ese subaxente. Pola súa banda, no anexo 2, lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no cadro de enfermidades profesionais se podería considerar no futuro (codificación), suprímese o cancro de larinxe producido pola inhalación de po de amianto, xa que pasa a incluírse no citado anexo 1, e, así mesmo, procédese á nova numeración do grupo 6 do anexo 2.

No seu proceso de tramitación, este real decreto foi sometido ao informe do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. Así mesmo, foi sometido ao trámite de audiencia dos axentes sociais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.*

O Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro, queda modificado como segue:

Un. No anexo 1, cadro de enfermidades profesionais (codificación), grupo 6, enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxicos, axente A, engádesse un novo subaxente 06, cancro de larinxe, co seguinte contido:

Grupo	Axente	Subaxente	Actividade	Código	Enfermidades profesionais coa relación das principais actividades capaces de producilas
6	A	06			Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxicos
					Amianto:
					– Cancro de larinxe.
			01	6A0601	Industrias en que se utiliza amianto (por exemplo, minas de rochas amiantíferas, industria de produción de amianto, traballos de illamentos, traballos de construción, construción naval, traballos en garaxes, etc.).
					Traballos expostos á inhalación de pos de amianto (asbesto) e, especialmente:
			02	6A0602	– Traballos de extracción, manipulación e tratamento de minerais ou rochas amiantíferas.
			03	6A0603	– Fabricación de tecidos, cartóns e papeis de amianto.
			04	6A0604	– Tratamento preparatorio de fibras de amianto (cardadura, fiadura, tramado, etc.).
			05	6A0605	– Aplicación de amianto a pistola (chemineas, fondos de automóbiles e vagóns).
			06	6A0606	– Traballos de illamento térmico en construción naval e de edificios.
			07	6A0607	– Fabricación de gornicións para freos e embragues, de produtos de fibrocemento, de equipamentos contra incendios, de filtros e cartón de amianto, de xuntas de amianto e caucho.
			08	6A0608	– Desmontaxe e demolición de instalacións que conteñan amianto.
			09	6A0609	– Limpeza, mantemento e reparación de acumuladores de calor ou outras máquinas que teñan compoñentes de amianto.
			10	6A0610	– Traballos de reparación de vehículos automóbiles.
			11	6A0611	– Serradura de fibrocemento.
			12	6A0612	– Traballos que impliquen a eliminación de materiais con amianto.

Dous. No anexo 2, lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no cadro de enfermidades profesionais se podería considerar no futuro (codificación), o grupo 6 queda redactado da seguinte maneira:

Lista	Grupo	Axente	Código	Descrición
	6	01	C601	Enfermidades provocadas por axentes carcinóxicos Enfermidades provocadas por axentes carcinóxicos non incorporadas en puntos anteriores, coa clasificación C1 (substancias carcinóxicas de primeira categoría, é dicir, que se sabe que son carcinóxicas para o home) e C2 (substancias carcinóxicas de segunda categoría, respecto das cales existe unha presunción de que se poden considerar carcinóxicas para o home) dada polo Real decreto 1124/2000, do 16 de xuño, que modifica o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxicos durante o traballo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA